De ser o caso, será de aplicación o previsto no art. 68 da lei 39/2015 de procedemento administrativo, sobre emenda e mellora da solicitude. Ademais, poderase requirir aos solicitantes cantos documentos, datos e aclaracións sexan precisos para a correcta valoración do proxecto empresarial presentado.

c).- **Lugar:** Rexistro Xeral do Concello de Friol ou por calquera xeito dos previstos na Lexislación de Procedemento Administrativo art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

7.- **VALORACIÓN DE SOLICITUDES E SELECCION.**- Segundo o disposto, na Ordenanza Reguladora do Acollemento de Empresas no Viveiro do Parque Empresarial de Friol , publicada no BOP 117 de data 24.05.201, correspóndelle ao órgano de selección, ademais da elaboración do informe de avaliación das solicitudes, a xestión de todas as incidencias e asuntos realizados co procedemento de selección dos proxectos empresariais, podendo solicitar cantos informes considere necesarios.

A Alcaldía publicará a designación nominal na sede electrónica do concello e no taboleiro de anuncios, a designación nominal dos membros, así como as datas nas que proceda reunirse para a valoración da documentación e proposta de adxudicación.

8.- OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN:

a).- No Concello de Friol sito en Praza de España, 4. C.P. 27220 -Teléfono: 982375001.- Fax: 982375206

b).- Na Sede Electrónica do Concello de Friol: <https://friol.sedeelectronica.gal>

c).- En todo o que non se contemple no presente anuncio, estarase ao disposto nas ordenanzas Ordenanza Reguladora do Acollemento de Empresas no Viveiro do Parque Empresarial de Friol e na ordenanza reguladora do prezo público correspondente, publicadas no BOP 117 de data 24.05.20, aprobadas polo Pleno do Concello, en data 23.02.2017, así como á lexislación vixente ao respecto.

ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE**

D....., con DNI nº.....,
 Con enderezo a efectos de notificacións en....., provincia de,
 Correo electrónico....., en nome propio/ en representación
 de....., con CIF....., e teléfono.....,

a efectos da súa participación na convocatoria realizada polo Concello de Friol para a utilización de nave 2 do Viveiro de empresas xestionado polo Concello, para a súa utilización na actividade de

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO.- Que se dispón a participar na convocatoria realizada polo Concello de Friol para a utilización de Nave 2 do Viveiro de Empresas xestionado polo Concello de Friol, mediante cesión temporal do espazo correspondente.

SEGUNDO.- Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos pola normativa reguladora aprobada polo Concello de Friol.

TERCEIRO.- Que posúe capacidade de obrar, e terán o seu enderezo social e fiscal no concello de Friol, non estando incurso en prohibición ou incompatibilidade para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

CUARTO.- Que acredita a posesión e validez da documentación que adxunta a presente solicitude, esixida pola normativa reguladora, acompañando en concreto:

Memoria descriptiva da actividade que se pretende desenvolver.

Copia do DNI

Curriculum vitae e vida laboral

Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Proxecto empresarial da actividade a realizar.

QUINTO.- Que acepta expresamente o establecido nas bases reguladoras da convocatoria e se compromete expresamente ao cumprimento das disposicións polas que o Concello de Friol regula o funcionamento do viveiro de empresas, así como a satisfacer o prezo público establecido na ordenanza reguladora.

SEXTO.- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde correspondentes ao enderezo procesual do Concello, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras).

SOLICITO ser admitido á convocatoria pública do espazo do viveiro de empresas. E para que conste, asino a presente declaración.

En.....a.....de.....de 2021.

Sinatura do declarante,

Friol, 3 de agosto de 2021.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2347

Anuncio

BASES PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL

Mediante Decreto de Alcaldía do 29 de Xullo de 2021, aprobáronse as bases para a creación dunha lista de contratación, como persoal laboral temporal, de peóns do grupo de emerxencias supramunicipal do Concello de Friol, que deseguido se transcriben:

“BASES PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a creación dunha lista de contratación de peóns do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) do Concello de Friol para a cobertura de dito servizo cando as necesidades do mesmo o fagan necesario.

A modalidade de contrato temporal será de “*obra ou servizo determinado*”, e súa duración dos correspondentes contratos laborais terán unha duración máxima de dous anos.

As retribucións serán de 1.263,76 € brutos mensuais por catorce pagas correspondente a unha xornada completa.

SEGUNDA.- Funcións.

As funcións que se realizarán como peóns do Grupo de Emerxencias Supramunicipal, son as recollidas na cláusula cuarta do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, asinado con data 26 de decembro do 2018, e en concreto

- Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais, coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.
- Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.
- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal da titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.
- Realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.
- Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de corta lumes naturais ante calquera perigo de lume.
- Intervir en situación derivadas de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro.
- Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, corrementos de terra, situacións de seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.
- Colaborar, e no seu caso, intervir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.

- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- Realizar actividades e, no seu caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicados nos apartados anteriores.
- Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido a tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc, dando el a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.
- Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.

TERCEIRA.- Requisitos das persoas aspirantes.

Para participar no proceso de selección, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, nos termos do artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais. (o certificado de escolaridade considérase equivalente ao Graduado Escolar segundo Orde de 20 de xuño pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e de outros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, de 4 de agosto, xeral de Educación e financiamento da reforma educativa a efectos laborais).
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias, e mantelos ata o día da contratación se é o caso.

Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA.- Presentación de instancias.

As instancias, xunto co resto da documentación mínima que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo presentarase no modelo "ANEXO II", dirixiranse ao Alcalde-Presidente da Corporación, e se presentaran no Rexistro Xeral do Concello de Friol no prazo de CINCO días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro municipal e na páxina web do Concello de Friol (<https://friol.sedelectronica.gal>)

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da Sede electrónica do Concello da Friol. No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un e-mail ao seguinte correo: info@concellodefriol.es coa copia da solicitude debidamente rexistrada o mesmo día da súa presentación. Procederese de igual modo no caso de que a presentación da instancia teña lugar nunha oficina de Correos, remitindo copia da solicitude selada pola oficina.

Xunto á instancia, tamén se presentará:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do título mínimo requirido.
- Fotocopia do permiso de conducir tipo C.
- Fotocopia do Celga 3 ou equivalente (de ser o caso).

- Fotocopia dos méritos alegados (de ser o caso).

As persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira legalmente establecida (mediante a presentación do certificado de iniciación na lingua galega ou CELGA 3 ou o equivalente), quedarán exentas da realización da proba oral de galego e daráselles por superada a proba coa cualificación de apto/a.

A documentación poderá ser fotocopia simple, sen ser precisa a copia cotexada; presumirase documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal ao/a aspirante que finalmente sexa seleccionado/a.

No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

QUINTA.- Admisión/exclusión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos/as e de excluídos/as, indicando a causa de exclusión. A referida resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello na páxina web do Concello de Friol (<https://friol.sedelectronica.gal>), concedendo, no seu caso, un prazo de dous días hábiles para a corrección das deficiencias sinaladas.

Finalizado o prazo de corrección, o Alcalde ditará resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos/as, que en caso de non ter defectos que emendar na a lista provisional, será considerada a todos os efectos definitiva. En dita resolución designarase ao Tribunal cualificador e se sinalará tamén o día, hora e lugar na que se constituirá o tribunal e se fixará a data para a realización da primeira proba, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.concellodefriol.es)

Os resultados das probas realizadas e os sucesivos chamamentos serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello na páxina web do Concello de Friol (<https://friol.sedelectronica.gal>)

SEXTA.- Procedemento de selección.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

A.- Fase de Concurso. Voluntaria e non eliminatória

(Puntuación máxima: 5 puntos)

1.- Méritos Profesionais (Máximo 3,00 puntos):

Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos, 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.

Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.

Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos. A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

2.- Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública (Máximo: 1,00 puntos):

-Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.

-Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.

-Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.

-Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso. Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración Pública xustificarase: Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

-Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.

-Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

3.- Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil:

Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 1,00 puntos

Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición.

B.- Fase de Oposición: Obrigatoria e eliminatoria

(Puntuación máxima: 20)

1.- Primeiro exercicio: Consistirá na realización dunha proba escrita con 50 preguntas tipo test, e 5 preguntas de reserva, relacionadas co temario que figura como anexo I das presentes bases. Para a realización deste exercicio os aspirantes disporán dun tempo máximo de 75 minutos. (Puntuación máxima: 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba). As respostas erradas restarán 0,3 puntos e as respostas non contestadas non se cualificarán.

2.- Segundo exercicio: Consistirá na realización dunha proba práctica relativa ás funcións do posto relacionadas na base segunda. Para a realización deste exercicio os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de quince minutos (Puntuación máxima: 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba).

3.- Terceiro exercicio: Proba oral de galego. Cualificarse como apto ou non apto. Non será precisa a celebración desta proba se acredita estar en posesión do Celga 3.

A puntuación desta fase de oposición virá determinada pola suma das puntuacións acadadas nos dous primeiros exercicios (proba escrita e proba práctica), ademais de ser cualificado coma apto na proba de galego, de ser o caso; puntuación máxima: 20, puntuación mínima: 10. Quen non obteña esa puntuación mínima nesta fase de oposición xa non se lle valorará a fase de concurso e quedará excluída/o do proceso de selección.

A puntuación total acadada neste procedemento de selección virá determinada pola suma das puntuacións acadadas na fase de concurso e fase de oposición. Total puntuación: 25,00 puntos.

No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta o/a aspirante con maior puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición (proba práctica). No caso de persistir o empate, resolverase tendo en conta o/a aspirante con maior puntuación no primeiro exercicio. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos/das interesados/as.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamada única e por orden alfabético, para este procedemento de selección e deberán presentarse co seu DNI. A non presentación ao exercicio no momento de seren chamados/as comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no procedemento de selección e quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

SÉTIMA.- Tribunal cualificador.

O Tribunal encargado da selección estará integrado por:

- Un Presidente/a
- Un Secretario/a
- Tres Vogais

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

A designación dos membros do Tribunal farase por resolución da Alcaldía e farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol (<https://friol.sedelectronica.gal>) do Concello de Friol a efectos de recusación.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

OITAVA.- Proposta para a formación do listado para a contratación.

Concluídas as probas selectivas o Tribunal cualificador formulará proposta do listado dos/as aspirantes, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de cubrir prazas, rexeitamentos, vacacións, baixas e outras vacantes temporais de natureza similar, formando así unha lista reserva de contratación.

A acta do Tribunal publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol (<https://friol.sedelectronica.gal>), na que aparecerá o listado coas puntuacións, por orde decrecente, acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección.

Os/As interesados/as disporán dun prazo de dous días hábiles, contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións, que estimen oportunas, no Rexistro Xeral do Concello de Friol.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes, e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aprobará esa lista. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol (<https://friol.sedelectronica.gal>) e substituirá ás notificacións individuais ós/ás interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

NOVENA.- Funcionamento da lista reserva de contratación.

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

A participación neste curso poderá excepcionarse no caso de que o candidato conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil. Ademais do persoal contratado, poderán ter participación no curso os tres primeiros candidatos da lista de reserva, o que lle será ofertado para a súa participación.

Dito curso de formación será convocado pola Federación Galega de Municipios e Provincias anualmente.

Poderá facerse uso desta bolsa de contratación por razóns de necesidade do servizo, o que se manifestará mediante o correspondente informe do responsable do servizo.

Esta lista terá vixencia ata a creación dunha nova e a súa derogación expresa.

As comunicacións de comparecer a ocupar un posto realizaranse telefonicamente, o que quedará acreditado no expediente a través da oportuna dilixencia asinada polo empregado público que as leve a cabo. Se no momento de ser chamado un/ha candidato/a renunciara, dita renuncia pode considerarse por “causa xustificada” ou “non xustificada”.

Considéranse como causas xustificadas á renuncia a ocupar un posto de traballo, o que o suporá non perder o seu lugar na lista, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).
- O estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo ou declaración xurada do interesado/a).

O/a candidato/a terá un prazo de dous días hábiles para achegar a devandita documentación acreditativa destas causas, dende o chamamento realizado.

Se polo contrario ao ser chamado/a renuncia ao posto sen causa xustificada, ou sen acreditar a mesma, a primeira vez que renuncie pasará a ocupa-lo último posto da lista, e á segunda será excluído da mesma por decreto da Alcaldía.

A renuncia voluntaria e sen xustificación a un contrato xa asinado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos que os sinalados no parágrafo anterior.

DÉCIMA.- Contratación.

Logo da chamada telefónica a que se fai referencia na base anterior, o/a aspirante presentará no Rexistro do Concello de Friol, no prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte en que se produza a mesma, os documentos seguintes:

- a.- Fotocopia e orixinal do título acreditativo da titulación esixida a base terceira.
- b.- Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Documento Nacional de Identidade.
- c.- Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Carnet de conducir tipo C.
- d.- Informe médico oficial no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- e.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- f.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- g.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.
- h.- Fotocopia e orixinal da documentación acreditativa do procedemento de selección (concurso).

Ademais, deberá facilitar unha copia da cartilla de seguridade social e certificado de nº de conta bancaria (IBAN). Unha vez presentada esa documentación en prazo será ditada Resolución da Alcaldía acordando a súa contratación.

Pasado ese prazo de tres días hábiles, sen que o/a aspirante non comparecese, entenderase decaído/a en todos os seus dereitos, procedéndose ó nomeamento do/a seguinte aspirante conforme ao proceso descrito.

UNDÉCIMO. – Incidencias.

1.- As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo de un mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación:

- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

ANEXO I: TEMARIO

- 1.- A Constitución española de 1978: títulos preliminar, título I (excepto capítulo 3º), título II, título III (excepto capítulos 2º y 3º), título IV , título V y título VIII.
- 2.- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulo III.
- 3.- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia: títulos I ao IX.
- 4.- Marco xeográfico e rede de infraestruturas do Grupo de Emerxencias Supramunicipal con sede no Concello de Friol.
- 5.- Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.
- 6.- Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.
- 7.- Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios.
- 8.- Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.
- 9.- Accidentes de tráfico e excarceración.
- 10.- Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas.
- 11.- Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.

12.- Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.

DON/DONA.....,con DNI.....,
e con enderezo a efectos de notificacións en

e número de teléfono....., enterado/a da convocatoria do procedemento selectivo para a formación dunha lista para a contratación como persoal laboral temporal, de peón do Grupo de Emerxencias Supramunicipal, manifesta:

- Que desexa participar no procedemento de selección arriba indicado, polo que **SOLICITA** que sexa admitida a presente solicitude e a documentación que se achega coa finalidade de participar en dito procedemento.
- Que non padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- Que non está incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- Que posúe todos os requisitos esixidos nas bases con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias.
- Que achega fotocopia da seguinte documentación (indíquese cunha X o que proceda)

D.N.I.

Título esixido na base terceira.

Carne de conducir tipo C.

CELGA 3 ou equivalente.

Documentación acreditativa para a fase de concurso.

Idioma para o desenvolvemento das probas (indíquese cunha X o que proceda)

Galego

Castelán

Friol ,dede.....2021.

Sinatura

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL

Friol, 3 de agosto de 2021.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2348

LÁNCARA

Anuncio

De conformidade co decreto de 26 de xullo de 2021 faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal, no marco do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos 2021 para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa Fomento do Emprego”:

- 2 Oficial 1ª albanel (6 meses)
- 4 Peóns de servizos múltiples (6 meses)
- 1 Oficial Palista (6 meses)
- 1 Oficial Tractorista (6 meses)

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse na sede electrónica <http://lancara.sedelectronica.gal> e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

Láncara, 27 de xullo de 2021.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2389

MURAS

Anuncio

Aprobación definitiva expediente crédito extraordinario/suplemento de credito

Tendo quedado definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería, por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2021 e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ó público, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o Orzamento do ano 2021, trala entrada en vigor do devandito expediente, tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle

GASTOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	ALTAS	BAIXAS	TOTAIS
	Operacións correntes			
1	GASTOS PERSOAL			514.116,18
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	38.023,58		1.142.515,46
3	GASTOS FINANCEIROS			3.500,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES			129.710,00
5				
	Total operacións correntes			1.737.308,06
	Operacións de capital			
5	FONDO CONTIENGENCIAS E OUTROS IMPREVISTOS			5.000,00

6	INVESTIMENTOS REAIS	186.299,43		390.356,74
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS			0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS			0,00
	Total operacións de capital			92.811,94
	TOTAL XERAL			2.185.198,38

INGRESOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	TOTAIS
	Operacións correntes	
1	IMPOSTOS INDIRECTOS	1.141.000,00
2	IMPOSTOS DIRECTOS	2.000,00
3	TAXAS E OUTOS INGRESOS	139.200,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	547.420,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	500,00
	Total operacións correntes	1.830.120,00
	Operacións de capital	
6	ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	355.078,38
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
	Total operacións de capital	0,00
	TOTAL XERAL	2.185.198,38

Muras, 3 de agosto de 2021.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2349

Anuncio**Aprobación definitiva expediente transferencia de credito**

Tendo quedado definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de transferencia de credito entre partidas de distinto área de gasto, por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2021 e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ó público, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o Orzamento do ano 2021, trala entrada en vigor do devandito expediente, tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle

GASTOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	ALTAS	BAIXAS	TOTAIS
	Operacións correntes			
1	GASTOS PERSOAL		18.500	495.616,18
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	39.500	21.000	1.161.015,46
3	GASTOS FINANCIEROS			3.500,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES			129.710,00
5				
	Total operacións correntes			1.737.308,06
	Operacións de capital			
5	FONDO CONTINXENCIAS E OUTROS IMPREVISTOS			5.000,00
6	INVESTIMENTOS REAIS			390.356,74
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS			0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS			0,00
	Total operacións de capital			92.811,94
	TOTAL XERAL			2.185.198,38

INGRESOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	TOTAIS
	Operacións correntes	
1	IMPOSTOS INDIRECTOS	1.141.000,00
2	IMPOSTOS DIRECTOS	2.000,00
3	TAXAS E OUTOS INGRESOS	139.200,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	547.420,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	500,00
	Total operacións correntes	1.830.120,00
	Operacións de capital	
6	ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00

7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	355.078,38
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
	Total operacións de capital	0,00
	TOTAL XERAL	2.185.198,38

Muras, 3 de agosto de 2021.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2350

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 02.07.2021, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de xuño de 2021 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 300,66 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 249,53 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 3 de agosto de 2021.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2351

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Aprobación inicial orzamento municipal exercicio 2021

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de Outeiro de Rei, en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2021, o orzamento municipal para o exercicio 2021, así como a documentación complementaria, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, expónse ó público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante este prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o expresado prazo non se presentan reclamacións.

Outeiro de Rei, 30 de xullo de 2021.- O ALCALDE, José Pardo Lombao.

R. 2352

RIBAS DE SIL

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

Por acordo do Concello pleno en sesión ordinaria de data 02.08.2021 se aproba inicialmente o expediente de modificación de créditos na modalidade de crédito extraordinario para a aplicación do superávit orzamentario.

Expte. MC CE/2021 "*Crédito Extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería*".

O Plenario prestou aprobación inicial ao expediente de créditos extraordinarios para a aplicación do superávit orzamentario.

Aprobados inicialmente o expediente de créditos extraordinarios para a aplicación do superávit orzamentario, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Ribas de Sil, 2 de agosto de 2021.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 2353

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos 9/2021- expediente de crédito extraordinario- dentro do vixente Orzamento por importe de 20.000,00 € (Vinte mil euros), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 155, de data 09/07/2021), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS			ORZAMENTO DE INGRESOS	
APLICACIÓN ORZAMENTARIA		AUMENTO (EN EUROS)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	AUMENTO (EN EUROS)
Por progr.	Económica		Económica	
336	778	15.000,00	870.00	20.000,00
151	621	5.000,00		
Total.....		20.000,00	Total.....	20.000,00

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de créditos 9/2021 no orzamento para o ano 2021, os interesados/as debidamente lexitimados poden interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

En Ribeira de Piquín, a 2 de agosto de 2021.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 2354

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de crédito 8/2021- expediente de suplemento de crédito- dentro do vixente Orzamento por importe de 100.000,00 € (Cen mil euros), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 155, de data 09/07/2021), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS			ORZAMENTO DE INGRESOS	
APLICACIÓN ORZAMENTARIA		AUMENTO (EN EUROS)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	AUMENTO (EN EUROS)
Por progr.	Económica		Económica	
453	619	8.500,00		
163	227	25.500,00		
165	213	5.000,00		
165	221	15.000,00		
172	204	6.000,00		
172	221	20.000,00		
172	227	20.000,00		
Total.....		100.000,00	870,00	100.000,00
Total.....			Total.....	100.000,00

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito 2/2021 no orzamento para o ano 2021, os interesados/as debidamente lexitimados poderan interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

En Ribeira de Piquín, a 2 de agosto de 2021.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 2355

XOVE

Anuncio

Persoal Laboral Temporal para Limpadora de Instalacións Municipais

Por Decreto de Alcaldía de 05 de agosto de 2021, aprobáronse as bases específicas para a contratación de 1 Limpadora de Instalacións Municipais en réxime de persoal laboral temporal a xornada parcial de 24 horas semanais.

Prazo de presentación de solicitudes: nos días laborais seguintes sinalados nas bases ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, a través do rexistro xeral do Concello en horario de 09:00 a 14.00 horas.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello (www.xove.es).

Xove a 05 de Agosto de 2021.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2380

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A.

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/27748

Miguel Arean González solicita la concesión de un aprovechamiento de 1 l/s de agua procedente de un pozo situado en el polígono industrial de Chantada en el término municipal de Chantada (Lugo) para usos industriales.

La captación se realiza en un pozo de 35 m de profundidad en el que se coloca una bomba de 1 CV del que se extrae un caudal de 3600 l/h que se destina a limpieza de envases y maquinaria de la fábrica de producción de castañas.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Chantada, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 3 de agosto de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2357
